

1ºc Parte: O programa Multiclassbook



- No manual de uso do programa multiCLASS Book

http://www.edu.xunta.es/centros/abalar/aulavirtual/file.php/83/manuais/multiCLASS_Book_Manual_Gallego.pdf

podemos atopar o funcionamento da meirande parte da ferramentas do programa. Como veremos son moi similares a calquera outro programa de manexo dun encerado dixital. Podemos facer un breve percorrido polas funcionalidades máis importantes, a través das seguintes preguntas:

1. ¿Como “executo” o programa do encerado dixital? ¿Que fai ese programa e que me permite facer?
2. ¿Que versión é mellor, a *book* ou a *lite*? ¿Podo pasar dunha a outra?
3. ¿Todo o profesorado dunha aula vai a ver os mesmos menús, independente da materia que imparta?
4. ¿Podemos configurar o programa o noso gusto, incluso no idioma?
5. ¿Que aparencia ten o programa?
 - Barra de menú; Barras de ferramentas; Barra de navegación; Propiedades da vista actual; Zona de debuxo; Barra inferior

6. BARRA DE MENÚ

- ¿Para que serve cada pestana? ¿Podo configurar cada menú o meu gusto?

7. BARRAS DE FERRAMENTAS

- ¿Como identifico cada ferramenta e a súa funcionalidade? Despois de configuralo todo o meu gusto ¿podo gardar ese perfil e levalo para outros equipos? ¿Que fai cada ferramenta exactamente?

Despois dun breve percorrido conxunto polas ferramentas de interese, imos modificar a aparencia das barras, en función das necesidades propias do profesor. Gravaremos o perfil cun nome, e o exportaremos a un pendrive para poder compartilo e visualizalo no encerado dixital de calquera aula de traballo.

8. ZONA DE DEBUXO

- ¿Que obxectos podo crear ou inserir nunha folla?
- ¿Podo mover cada obxecto, re-dimensionalo, agrupalo ou cambiarlles as súa aparencia?
- ¿Como aprendo a ter habilidade e control nesta nova forma de expresarme?

9. BARRA DE NAVEGACIÓN

- ¿Que é a lista de páxinas (propiedades da vista actual)?
- ¿Como engado/elimino/recoloco o renomeo unha páxina de traballo (zona de debuxo)?
- ¿Que é a listaxe de recursos e a biblioteca? ¿Teño unha biblioteca privada? ¿Podo ser querer borrar ou modificar obxectos da biblioteca pública da aula? ¿Podo gardar na biblioteca os elementos que creo na zona de debuxo? ¿Como gardo obxectos da galería nun pen driver para levalos a outro equipo? ¿En que idioma podo buscar os obxectos da biblioteca?
- ¿Como xestiono as páxinas da miña exposición? ¿Podo gardalas todas xuntas nun único arquivo?
- ¿Que extensión ten ese arquivo? ¿Podo abriro noutra clase? ¿Podo importar traballos doutros encerados ou outros formatos a ese programa multiCLASS book?